

**Programación Didáctica**

**Departamento de Matemáticas**

**IES de Ribadeo Dionisio Gamallo**

**Curso 2021-22**

## Contidos

*(Táboa interactiva, pulsar control+clic nun contido para ir directamente a el )*

1.- DATOS DO DEPARTAMENTO.....	5
1.1.- Compoñentes do departamento.....	5
1.2.- Xefatura .....	5
1.3.- Reunións do Departamento.....	5
1.4.- Materias impartidas polo Departamento e lingua en que se impartirán .....	5
1.5.- Horas de docencia e reparto entre o profesorado.....	7
1.6.- Sistema de información sobre a programación á comunidade educativa .....	7
2.- CONTEXTUALIZACIÓN .....	8
3.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS .....	8
4.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	9
5.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	11
5.1.- Na Educación Secundaria Obrigatoria.....	11
5.1.1.- 1º nivel de atención á diversidade: Reforzo Educativo (R.E.).....	11
5.1.2.- 2º nivel de atención á diversidade, Agrupamentos Específicos (Agr.Esp.).....	11
5.1.3.- 3º nivel, Alumnado con necesidades educativas especiais, Adaptación Curricular Individual (A.C.I.).....	12
5.1.4.- 4º nivel de atención á diversidade, Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR).....	12
5.2.- Nos restantes niveis/etapas educativas .....	13
6.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS .....	14
7.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.	15
8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE .....	15
9.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .....	16
10.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN .....	16
10.1.- Educación Secundaria Obrigatoria. ....	16
10.1.1.- Avaliación inicial.....	16
10.1.2.- Avaliacións parciais (1ª, 2ª e 3ª). Programa Edixgal (1º ESO, 2º ESO e 3º de ESO). ....	16
10.1.3.- Avaliacións parciais (1ª, 2ª e 3ª). 4º de ESO. ....	18
10.1.4.- Avaliacións parciais (1ª, 2ª e 3ª). PMAR (2º e 3º de ESO). ....	19
10.1.5.- Procedemento de recuperación de avaliacións suspensas (1º e 2ª avaliación). ....	20
10.1.6.- Procedemento de recuperación da materia pendente de cursos anteriores. ....	20

10.1.7.- Período que abrangue dende a sesión da 3ª avaliación ata a sesión da avaliación final ordinaria.	21
10.1.8- Procedemento de avaliación final ordinaria.	22
10.2.- Bacharelato	23
10.2.1.- Avaliacións parciais. (1ª, 2ª e 3ª).	23
10.2.2.- Bacharelato semipresencial.	24
10.2.3.- Recuperación de avaliacións suspensas (1º e 2ª avaliación).	24
10.2.4.- Recuperación das materias pendentes de 1º bacharelato.	25
10.2.5.- Avaliación final ordinaria.	25
10.2.6.- Período que abrangue dende a sesión de avaliación final ordinaria ata a sesión da avaliación final extraordinaria.	26
10.2.7.- Procedemento de avaliación final extraordinaria.	26
10.3.- Criterios xerais de corrección das probas.	27
11.- MATEMÁTICAS 1º ESO	28
11.1.- Secuenciación e temporalización.	28
11.2.- Concrecións para os estándares de aprendizaxe.	31
12.- MATEMÁTICAS 2º ESO	34
12.1.- Secuenciación e temporalización.	34
12.2.- Concrecións para os estándares de aprendizaxe	36
13.- ÁMBITO CIENTÍFICO E MATEMÁTICO 2º ESO (PMAR)	39
13.1.- Secuenciación e temporalización.	39
13.1.1.- Matemáticas	39
13.1.2.- Física e Química	41
13.2.- Concrecións para os estándares de aprendizaxe	42
13.2.1.- Matemáticas	42
13.2.2.- Física e Química	45
14.- MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS APLICADAS 3º ESO	48
14.1.- Secuenciación e temporalización.	48
14.2.- Concrecións para os estándares de aprendizaxe	51
15.- MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS ACADÉMICAS 3º ESO	54
15.1.- Secuenciación e temporalización.	54
15.2.- Concrecións para os estándares de aprendizaxe	57
16.- MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS APLICADAS 4º ESO	60
16.1.- Secuenciación e temporalización.	60
16.2.- Concrecións para os estándares de aprendizaxe	62

17.- MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS ACADÉMICAS 4º ESO .....	65
17.1.- Secuenciación e temporalización.....	65
17.2.- Concrecións para os estándares de aprendizaxe .....	67
18.- MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I.....	70
18.1.- Secuenciación e temporalización.....	70
18.2.- Concrecións para os estándares de aprendizaxe .....	72
19.- MATEMÁTICAS I.....	75
19.1.- Secuenciación e temporalización.....	75
19.2.- Concrecións para os estándares de aprendizaxe .....	77
20.- MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II.....	80
20.1.- Secuenciación e temporalización.....	80
20.2.- Concrecións para os estándares de aprendizaxe .....	82
21.- MATEMÁTICAS II .....	84
21.1.- Secuenciación e temporalización.....	84
21.2.- Concrecións para os estándares de aprendizaxe .....	86
22.- MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS .....	89
22.1.- Secuenciación e temporalización.....	89
22.2.- Concrecións para os estándares de aprendizaxe. ....	91
ANEXO I: INFORME IDIVIDUALIZADO. 1º de ESO. ....	93
ANEXO II: INFORME IDIVIDUALIZADO. 2º de ESO PMAR.....	94
ANEXO III: INFORME IDIVIDUALIZADO. 2º de ESO.....	95
ANEXO IV: INFORME IDIVIDUALIZADO. 3º de ESO. ....	96
ANEXO V: INFORME IDIVIDUALIZADO. 3º de ESO.....	97
ANEXO VI: INFORME IDIVIDUALIZADO. 4º de ESO. ....	98
ANEXO VII: INFORME IDIVIDUALIZADO. 4º de ESO.....	99

## 1.- DATOS DO DEPARTAMENTO

### 1.1.- Compoñentes do departamento

Os compoñentes do Departamento de Matemáticas son, por orde alfabética, para o presente curso académico

- Dna. Gloria Currás Fernández
- D. Juan Manuel Fernández Martínez
- D. Alfonso Piñeiro Funcasta
- Dna. Teresa Rouco Otero
- D. Ramón Vázquez Lorenzo
- Dna. Montserrat Villar Riveira

### 1.2.- Xefatura

D. Alfonso Piñeiro Funcasta (Período de xefatura: 01-09-2020 ata 31-08-2024).

### 1.3.- Reunións do Departamento

As reunións do Departamento de Matemáticas serán unha vez ao mes, preferiblemente os luns ás 17:15 h.

### 1.4.- Materias impartidas polo Departamento e lingua en que se impartirán

Etapa	Curso	Materias/Ámbitos/Módulos	Grupos	Horas semanais	Total de horas
ESO	1º	Matemáticas	5	5	25
	2º	Matemáticas	4	5	20
	PMAR 2º	Ámbito científico e matemático	1	8	8
	3º	Matemáticas Aplicadas	1	4	4
		Matemáticas Académicas	2	4	8
	4º	Matemáticas Aplicadas	1	4	4
Matemáticas Académicas		2	4	8	
Bacharelato	1º	Matemáticas apli. ás CC. SS. I	2	4	4
		Matemáticas I	2	4	8
	2º	Matemáticas apli. ás CC. SS. II	2	4	8
		Matemáticas II	1	4	4
		Métodos Esta. e Numéricos	1	2	4
Bacharelato Persoas Adultas (Semipresencial)	1º	Matemáticas apli. ás CC. SS. I	1	1,5	1,5
		Matemáticas I	1	1,5	1,5
	2º	Matemáticas apli. ás CC. SS. II	1	1,5	1,5
		Matemáticas II	1	1,5	1,5
					111

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüístico no ensino non universitario de Galicia (DOG do 25 de maio de 2010), establece unhas materias que deberán impartirse sempre nunha lingua (galego ou castelán), e outras materias nas que a lingua será decidida por cada centro educativo de maneira que, ao final, haxa un equilibrio de uso entre as dúas. O reparto opcional de linguas entre materias deberá manterse durante catro cursos escolares consecutivos. A decisión sobre a lingua (G=galego ou C=castelán) en que se

impartirán as materias para as que o Decreto dá liberdade de elección aos centros, actualizouse no curso 2017-18, para empezar a aplicarse no curso 2018-19.

A distribución da lingua nas materias do Departamento queda como segue:

Etapa	Curso	Materias/Ámbitos/Módulos	Lingua na que se debe impartir
ESO	1º	Matemáticas	C (por Decreto)
	2º	Matemáticas	C (por Decreto)
	PMAR 2º	Ámbito científico e matemático	C (por Decreto)
	3º	Matemáticas Aplicadas	C (por Decreto)
		Matemáticas Académicas	C (por Decreto)
	4º	Matemáticas Aplicadas	C (por Decreto)
Matemáticas Académicas		C (por Decreto)	
Bacharelato	1º	Matemáticas apli. ás CC. SS. I	C (por decisión do Centro)
		Matemáticas I	C (por decisión do Centro)
	2º	Matemáticas apli. ás CC. SS. II	C (por decisión do Centro)
		Métodos Esta. e Numéricos	C (por decisión do Centro)
Bacharelato Persoas Adultas (Semipresencial)	1º	Matemáticas apli. ás CC. SS. I	C (por decisión do Centro)
		Matemáticas I	C (por decisión do Centro)
	2º	Matemáticas apli. ás CC. SS. II	C (por decisión do Centro)
		Matemáticas II	C (por decisión do Centro)

### 1.5.- Horas de docencia e reparto entre o profesorado

Curso	Grupo	Materia	Horas	Gloria	Juan	Alfonso	Teresa	Ramón	Montse
1º ESO	A	Matemáticas	5	5					
	B	Matemáticas	5	5					
	C	Matemáticas	5				5		
	D	Matemáticas	5				5		
	Agrup.	Matemáticas	5					5	
2º ESO	A	Matemáticas	5			5			
	B	Matemáticas	5			5			
	C	Matemáticas	5				5		
	Agrup.	Matemáticas	5				5		
	PMAR	Ámbito Cien.-Tecn.	8	8					
3º ESO	A	Matemáticas Ac	4			4			
	B	Matemáticas Ac	4						4
	B	Matemáticas Ap	4		4				
4º ESO	A	Matemáticas Ac	4						
	B	Matemáticas Ac	4					4	4
	B	Matemáticas Ap	4		4				
1º Bac	A	Matemáticas I	4					4	
	B	Matemáticas I	4						4
		MACS I	4		4				
2º Bac		Matemáticas II	4					4	
	B	MACS II	4						4
	C	MACS II	4			4			
		MEN	2					2	
		MEN	2						2
1º BACEPA		Matemáticas I	1,5		1,5				
		MACS I	1,5		1,5				
2º BACEPA		Matemáticas II	1,5		1,5				
		MACS II	1,5		1,5				
<b>TOTAL</b>			<b>111</b>	<b>18</b>	<b>18</b>	<b>18</b>	<b>20</b>	<b>19</b>	<b>18</b>

### 1.6.- Sistema de información sobre a programación á comunidade educativa

Unha copia da Programación do Departamento estará en Xefatura de Estudos a disposición de calquera persoa que a queira consultar, así como na páxina web do centro.

No inicio de cada curso o profesorado informará ao seu alumnado do temario que será impartido previsiblemente, dos procedementos de avaliación e dos criterios de cualificación.

Tamén permenece exposto un resúmen cos contidos programados e método de avaliación na aula virtual do instituto e no espazo de EDIXGAL, para aqueles cursos e grupos que utilicen estes recursos.

## 2.- CONTEXTUALIZACIÓN

As peculiaridades do centro e do alumnado, e o contexto xeral no que se desenvolve a actividade educativa, están recollidas no Proxecto Educativo do Centro (PEC).

## 3.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os recursos didácticos básicos son os libros de texto. Ademais dos libros de texto o Departamento dispón doutros materiais que facilitan o achegamento e comprensión das Matemáticas como son vídeos educativos sobre a materia e a súa historia, xogos de dominó, cartas numéricas, figuras xeométricas desmontables, tangrams, etc.

A lingua en que se imparte unha materia deberá manterse durante 4 cursos. Actualmente, os libros deberán estar en vigor *como mínimo* durante 6 cursos académicos consecutivos. O primeiro curso de implantación de tódolos libros de texto deste departamento foi o 2016-17.

O profesor ou profesora que imparta a materia, nos cursos que se indiquen na táboa seguinte, poderá eximir da obrigatoriedade do uso do libro de texto.

A lista de libros de texto, para o actual curso, queda expresada na seguinte táboa

Curso	Materia	Título do libro	Editorial	ISBN	Lingua	Obrigatorio
1º ESO	Matemáticas	Programa EDIXGAL	---	---	Cast.	Si
2º ESO	Matemáticas	Programa EDIXGAL	---	---	Cast.	Si
3º ESO	Matemát. Aplic.	Programa EDIXGAL			Cast.	Si
3º ESO	Matemát. Acad.	Programa EDIXGAL			Cast.	Si
4º ESO	Matemát. Aplic.	Matemáticas. Enseñanzas Aplicadas 4º ESO Inicia Dual	Oxford	9788467393378	Cast.	Si
4º ESO	Matemát. Acad.	Matemáticas. Enseñanzas Académicas 4º ESO Inicia Dual	Oxford	9788467385588	Cast.	Si
1º Bach. Humanidades e CCSS	Matemáticas Aplic. ás CCSS I	Matemáticas aplicadas a las Ciencias Sociales I	Anaya	978-84-678-2695-1	Cast.	( <sup>1</sup> )
1º Bach. Ciencias	Matemáticas I	Matemáticas I	Anaya	978-84-678-2688-3	Cast.	( <sup>1</sup> )
2º Bach. Humanidades e CCSS	Matemáticas Aplic. ás CCSS II	Matemáticas aplicadas a las Ciencias Sociales II	Anaya	978-84-698-1280-8	Cast.	( <sup>1</sup> )
2º Bach. Ciencias	Matemáticas II	Matemáticas II	Anaya	978-84-698-1277-8	Cast.	( <sup>1</sup> )

<sup>1</sup> Dependerá da decisión do profesor ou profesora que imparta a materia.



## 4.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

As liñas metodolóxicas básicas son as seguintes:

- O ensino partirá dos coñecementos e experiencias previas do alumnado; este deberá, loxicamente, aportar o seu esforzo para adquirir os novos contidos.
- No inicio de cada tema procurará facerse unha introdución que xustifique o seu estudio, e que sirva de motivación, ademais de explicar o que se pretende acadar. Se se considera conveniente, farase un repaso dos conceptos previos necesarios para o desenvolvemento do mesmo. Esta introdución partirá, preferiblemente, dunha situación real, ben sexa un problema da vida cotiá ou ben científico, facendo fincapé na aplicación e utilidade das matemáticas neses ámbitos, sen prescindir do rigor propio do nivel no que estea o alumnado.
- A acción na aula presentará un conxunto ordenado de informacións que amplíen gradual e razoadamente os coñecementos de partida do alumnado, e procurará predispoñer favorablemente a este ante a materia.
- Os exemplos e exercicios terán unha gradación crecente de dificultade.
- Un resumen final do tema resulta útil para tratar de afianzar as ideas nel adquiridas.
- A metodoloxía activa e participativa que se pretende aplicar esixe, evidentemente, unha intensa actividade por parte do alumnado, para establecer relacións entre os novos contidos e a súa propia estrutura cognitiva.
- As actividades teórico-prácticas propostas contribuirán a evitar as dificultades de asimilación mediante unha boa secuencia de contidos, orientando ao alumnado para superalas; e terán como finalidade o logro dos obxectivos da ESO e do bacharelato, así como das competencias clave correspondentes a cada nivel.
- O Decreto 86/2015 do 25 de xuño menciona sete competencias clave, capacidades que o alumnado debe acadar en distinto nivel ao longo da súa formación, e que serán traballadas nos distintos estándares de aprendizaxe:
  - Comunicación lingüística (CCL)
  - Matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
  - Dixital (CD)
  - Aprender a aprender (CAA)
  - Sociais e cívicas (CSC)

- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Tamén indica o Decreto que se potenciará o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística (CCL), e da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT), por ser capacidades instrumentais básicas.

A materia está, principalmente, orientada a desenvolver a “Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía” e, como ferramenta de apoio, a “Competencia dixital”.

- En xeral, os resultados das metodoloxías escolares e a adquisición de pautas de conducta polo alumnado son consecuencia dun proceso no que non só o profesorado ten un papel importante, senón tamén a familia e o resto da sociedade.

Na ESO a metodoloxía específica incluirá:

- A atención á diversidade de capacidades e intereses, que se levará a cabo mediante medidas organizativas (agrupamentos específicos, programas de mellora da aprendizaxe en 2º e 3º, ou os cursos de Formación profesional básica) ou curriculares (como actividades de reforzo ou ampliación).
- O fomento da comprensión lectora, “Competencia de comunicación lingüística”, dedicando un tempo á lectura na práctica docente de tódalas materias.
- A promoción do uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como recurso metodolóxico.

No bacharelato a metodoloxía específica favorecerá:

- A capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, “Competencia para aprender a aprender”, para acadar un pensamento autónomo, crítico e rigoroso, e ser progresivamente máis autónomo e responsable.
- O uso das tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta necesaria para a aprendizaxe en tódalas materias.

## 5.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

### 5.1.- Na Educación Secundaria Obrigatoria

Dende o mesmo momento no que comeza o proceso educativo aparecen diferencias no alumnado. Por iso a atención á diversidade é un aspecto característico da práctica na aula. Especialmente teranse en conta aqueles contidos nos que o alumnado acadará rendementos moi diferentes. Os contidos serán explicados de xeito que permitan extensións e gradación, e as actividades serán variadas e con diferentes niveis de dificultade.

O tratamento da diversidade levarase a cabo a distintos niveis de profundidade:

#### 5.1.1.- 1º nivel de atención á diversidade: Reforzo Educativo (R.E.)

Consistirá, principalmente, nas seguintes actuacións por parte do profesorado:

- cando se detecten dificultades na aprendizaxe dun alumno ou alumna, farase un seguimento especial informándoo en primeiro lugar da súa situación de partida e propoñéndolle actividades de reforzo e recuperación: exercicios, consulta de libros de cursos anteriores, etc., ofrecéndolle a colaboración e a axuda metodolóxica que precise para superar estas carencias. Isto farase sen desatender ao resto do grupo
- certas actividades realizaranse en grupo: plantexamento de cuestións introdutorias aos temas, preguntas puntuais sobre a materia de estudo, resolución de exercicios no encerado, etc., o que facilita o desenvolvemento de valores e actitudes como a flexibilidade para modifica-lo punto de vista propio, e a convivencia e respecto polos demais
- mentres os alumnos e alumnas fan exercicios o profesorado prestará axuda a quen teña máis dificultades, sen esquecer que o alumnado máis avantaxado resolva actividades de ampliación
- procurarase, se é posible, que o alumnado máis avantaxados estea distribuído en distintos grupos para que poidan apoiar aos seus compañeiros e compañeiras e servirilles de estímulo
- a aplicación do Reforzo Educativo, que non ten repercusión en canto a promoción, é importante xa que é o paso previo para poder sopesar a posibilidade de que un alumno ou alumna se incorpore a un Programa de mellora da aprendizaxe e do rendimento (PMAR)

#### 5.1.2.- 2º nivel de atención á diversidade, Agrupamentos Específicos (Agr.Esp.)

- cando varios alumnos ou alumnas amosen dificultades nas dúas áreas instrumentais básicas, linguas (castelá e galega) e matemáticas, valorarase a posibilidade de establecer un agrupamento específico no que,

cun número menor de alumnado, con dificultades de aprendizaxe semellantes, poida prestárselles máis axuda e unha atención máis personalizada

- a programación a seguir nos agrupamentos específicos que imparta o departamento será, en principio, a mesma que a do nivel correspondente, pero tendo en conta que normalmente o progreso na adquisición de contidos é máis lento, polas especiais características do alumnado, será prioritario o traballo dos contidos mínimos (os que levan un 100% nos estándares de aprendizaxe), renunciando se é preciso a outros contidos programados inicialmente. O profesorado que imparta clase nestes grupos potenciará as actividades de reforzo máis axeitadas para cada alumno e alumna, incluíndo contidos do curso anterior cando sexa necesario. A metodoloxía estará adaptada a este nivel mediante un seguimento máis personalizado do alumnado, con tarefas específicas, e de maneira especial reforzando a competencia lectora para facilitar a comprensión matemática do alumnado

#### 5.1.3.- 3º nivel, Alumnado con necesidades educativas especiais, Adaptación Curricular Individual (A.C.I.)

- tras avaliación psicopedagóxica procederá a efectuar as Adaptacións Curriculares específicas para o alumnado que así o precise, coa finalidade de proporcionarlle unha atención o máis axeitada posible. Estas Adaptacións Curriculares afectarán aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación programados para o grupo de referencia ao que pertence este alumnado

- a avaliación deste alumnado na área de matemáticas tomará como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas Adaptacións Curriculares

- as programacións das Adaptacións Curriculares de matemáticas serán remitidas para a súa aprobación, xunto co informe de avaliación psicopedagóxica, polo Departamento de Orientación

#### 5.1.4.- 4º nivel de atención á diversidade, Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR)

- estes programas están destinados, principalmente, ao alumnado que amosa dificultades de aprendizaxe non imputables á falta de estudo ou esforzo, e poderán desenvolverse en dous cursos 2º e 3º ou só nun 3º

- teñen como finalidade que ese alumnado poidan cursar 4º ESO pola vía ordinaria, e obteña o título de graduado en educación secundaria obrigatoria

- a metodoloxía consistirá, en liñas xerais, nun enfoque globalizado, práctico e relacionado dos contidos, así como nunha atención máis personalizada ás necesidades educativas que presente cada alumno e alumna

- o departamento poderá impartir o “Ámbito científico e matemático” dun PMAR, ámbito que inclúe os aspectos básicos do currículo de Matemáticas de 2º ou de Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas de 3º, de Física/Química de 2º ou 3º, e de Bioloxía/Xeoloxía de 3º
- a programación do ámbito será elaborada nos distintos departamentos implicados e polas persoas designadas para a súa impartición, coa colaboración do Departamento de Orientación, a partir das directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica e coordinadas pola xefatura de estudos
- cando un alumno ou alumna dun PMAR teña materias pendentes de cursos anteriores realizará as actividades de reforzo e de apoio que lle permitan recuperalas ao longo do desenvolvemento do programa, e a avaliación será competencia do profesor ou profesora que o imparta, coa colaboración dos departamentos implicados

## 5.2.- Nos restantes niveis/etapas educativas

As actuacións de reforzo educativo como as adaptacións curriculares tamén serán medidas de atención á diversidade para aplicar na etapa de bacharelato e na educación de persoas adultas, especialmente cando se trate de alumnado con algún tipo de limitación física (auditiva, visual, etc.).

## 6.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O Decreto 86/2015 do 25 de xuño indica que na ESO e no bacharelato se traballarán en todas as materias os seguintes elementos transversais: comprensión lectora (CL), expresión oral e escrita (EOE), comunicación audiovisual (CA), tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), emprendemento (EMP), educación cívica (EC) e prevención da violencia (PV).

É conveniente lembrar que, ademais do anterior, o Bloque 1 “Procesos, métodos e actitudes en matemáticas” de cada curso da ESO e do bacharelato, inclúe contidos que deben tratarse transversalmente e ao mesmo tempo que o resto dos bloques. Este bloque é o eixe fundamental da materia pois incorpora a maioría das competencias clave e procedementos imprescindibles adaptados a cada nivel: resolución de problemas, uso da linguaxe apropiada, modelización e abstracción, razoamento lóxico, actitudes adecuadas para desenvolver o traballo científico, utilización de medios tecnolóxicos, etc.

Cada estándar de aprendizaxe determinará, principalmente, os elementos transversais que se poderán desenvolver nel. Algúns destes elementos transversais son de utilización necesaria, e habitual, por parte do alumnado en case todos os estándares, como a comprensión lectora (CL) e a expresión oral e escrita (EOE). Sen pretender esgotar outras prácticas dos elementos transversais, as liñas xerais de traballo dos elementos transversais poden ser:

- Comprensión lectora (CL), facilitada mediante a lectura por parte do alumnado de fragmentos do libro de texto ou doutros documentos científicos, históricos, periodísticos, etc. tanto impresos como en internet. Especialmente importante é a comprobación da comprensión dos enunciados dos problemas matemáticos.
- Expresión oral e escrita (EOE), a expresión oral pode desenvolverse mediante debates na aula e postas en común sobre diversos temas, principalmente relacionados coa materia. A expresión escrita desenvólvese na realización de probas, exercicios ou traballos escritos.
- Comunicación audiovisual (CA), tratada mediante o visionado dalgún vídeo, principalmente relacionado coa materia, como métodos de resolución de ecuacións, biografías, etc. Tamén se pode propoñer ó alumnado que elabore algún arquivo electrónico de tipo presentación de diapositivas ou de formato páxina web.
- Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), a súa práctica por parte do alumnado require que teña acceso a equipos e programas, unha forma inicial de uso das TIC é a utilización polo profesorado dalgún programa, preferiblemente de acceso aberto, para resolver algún problema do tema tratado, o que pode ser un punto de partida para que o alumnado poda continuar investigando por si mesmo.

- Emprendemento (EMP), se impulsará mediante a promoción do traballo en grupo, o que favorece o desenvolvemento de actitudes de cooperación en equipo, a toma de decisións en común, a valoración e o respecto ás opinións dos demais.
- Educación en valores (EC) e (PV), se tratará fomentando o respecto aos demais e ás normas de convivencia, practicando a tolerancia, a colaboración e a solidariedade, mediante debates ou comentando noticias xornalísticas, así como a igualdade de oportunidades para todas as persoas, e rexeitando a súa discriminación por calquera circunstancia persoal, así como calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

## 7.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Consistirá, basicamente, en revisar para cada nivel a marcha da programación, referida a obxectivos, metodoloxía, secuenciación e temporalización dos contidos e resultados do alumnado nas diferentes probas. Esta revisión realizarase en distintas reunións de departamento, e como consecuencia, se se considera oportuno, poderán introducirse cambios na programación inicial, que quedarán reflectidos na correspondente acta de reunión de departamento. Por último, estas revisións servirán para valorar a posibilidade de incorporar os cambios establecidos a futuras programacións.

## 8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino	Escala			
	1	2	3	4
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE?				
Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?				
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				

Indicadores de logro para avaliar a práctica docente	Escala			
	1	2	3	4
Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado?				
Ofrécense a cada alumno e alumna as explicacións individualizadas que precisa?				
Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?				
Coméntanse co alumnado os fallos máis significativos das probas ou dos exames?				
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				

## 9.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Inicialmente non están previstas actividades complementarias ou extraescolares, o que non significa que durante o curso non se poida realizar algunha delas (charlas divulgativas, visitas a museos, etc.).

## 10.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

### 10.1.- Educación Secundaria Obrigatoria.

#### 10.1.1.- Avaliación inicial.

A avaliación inicial farase ao comezo de cada curso en cada grupo da E.S.O. Esta avaliación inicial suporá, polo menos, a realización dunha proba escrita sobre os contidos impartidos o curso anterior. Servirá para iniciar o curso partindo dos coñecementos previos do alumnado, información que se completará consultando a materia impartida, que aparecerá na memoria final do curso anterior. Analizaranse os resultados, e como consecuencia, valorarase tamén a posibilidade de incorporar a un agrupamento específico ao alumnado que presente máis dificultades coa materia, principalmente nos cursos de 1º e 2º.

#### 10.1.2.- Avaliacións parciais (1ª, 2ª e 3ª). Programa Edixgal (1º ESO, 2º ESO e 3º de ESO).

A maiores de por a disposición do alumnado os materiais de traballo na aula virtual de Edixgal, cando a natureza dos contidos impartidos o aconselle tamén se facilitarán ao alumnado materiais impresos para desenvolver na aula. Consideraranse os seguintes apartados:

**a)** Os contidos conceptuais e procedimentais serán valorados mediante probas escritas. Como mínimo dúas probas escritas. A segunda e posteriores probas poderán incluír os contidos esixidos nas anteriores. Nas probas escritas figurará a puntuación de cada pregunta, entendéndose, no caso contrario, que todas serán valoradas por igual. Unha proba estará superada, se non se indica o contrario, cando acade como mínimo o 50 % da puntuación total da mesma.

Para a nota deste apartado farase a media aritmética das notas dos exames realizados, ou ben coa ponderación que se indique previamente. Poderá esixirse unha cualificación mínima en cada proba para que a media das probas deste apartado permita superar a avaliación, despois de informar ao alumnado sobre este requisito.

**b)** Os contidos actitudinais serán valorados mediante a observación do comportamento diario do alumnado na aula: interese pola materia, esforzo por superarse, participación na clase, realización das tarefas propostas para casa ou para clase, coidado e organización do material de traballo.




c) Actividades relacionadas co Programa Edixgal. Realizaranse, cando sexa posible, tarefas interactivas a través da tablet (exercicios, vídeos, ...), que serán valoradas directamente polo programa ou ben presentadas en papel e avaliadas polo profesorado.

A cualificación dunha avaliación parcial realizarase da maneira seguinte:

- 1) A cualificación numérica obtida no apartado a), Exames, aportará o 80% do total da cualificación.
- 2) A cualificación do apartado b), Actitudes, aportará o 10%.
- 3) A cualificación do apartado c), Actividades do Programa Edixgal, aportará o 10% restante, sempre que se realicen suficientes actividades que permitan a súa valoración; en caso contrario este apartado non será considerado, e pasará a valorarse o 1) co 90% en lugar do 80%.

A nota da avaliación será o enteiro que se obteña de redondear ás unidades a parte decimal da suma das ponderacións resultantes dos apartados 1), 2) e 3) anteriores; por exemplo, a suma das notas medias ponderadas dende 4'0... ata 4'4... redondéanse a 4 (nota de avaliación), e dende 4'5... ata 4'9... redondéanse a 5 (nota de avaliación).



(1) sempre que se realicen suficientes actividades que permitan a súa valoración; en caso contrario este apartado non será considerado, e pasará a valorarse os exames co 90% (x 0,9) en lugar do 80%. (x0,8).

(Esquema xeral da avaliación parcial no programa Edixgal)

### 10.1.3.- Avaliacións parciais (1ª, 2ª e 3ª). 4º de ESO.

Consideraranse os seguintes apartados:

**a)** Os contidos conceptuais e procedimentais serán valorados mediante probas escritas. Como mínimo dúas probas escritas. A segunda e posteriores probas poderán incluír os contidos esixidos nas anteriores. Nas probas escritas figurará a puntuación de cada pregunta, entendéndose, no caso contrario, que todas serán valoradas por igual. Unha proba estará superada, se non se indica o contrario, cando acade como mínimo o 50 % da puntuación total da mesma.


Para a nota deste apartado farase a media aritmética das notas dos exames realizados, ou ben coa ponderación que se indique previamente. Poderá esixirse unha cualificación mínima en cada proba para que a media das probas deste apartado permita superar a avaliación, despois de informar ao alumnado sobre este requisito.

**b)** Os contidos actitudinais serán valorados mediante a observación do comportamento diario do alumnado na aula: interese pola materia, esforzo por superarse, participación na clase, realización das tarefas propostas para casa ou para clase, coidado e organización do material de traballo.

A cualificación dunha avaliación parcial realizarase da maneira seguinte:

- 1) A cualificación numérica obtida no apartado a), Exames, aportará o 90% do total da cualificación.
- 2) A cualificación do apartado b), Actitudes, aportará o 10%.

A nota da avaliación será o enteiro que se obteña de redondear ás unidades a parte decimal da suma das ponderacións resultantes dos apartados 1) e 2) anteriores; por exemplo, a suma das notas medias ponderadas dende 4'0... ata 4'4... redondéanse a 4 (nota de avaliación), e dende 4'5... ata 4'9... redondéanse a 5 (nota de avaliación).



(Esquema xeral da cualificación nunha avaliación parcial. 4º de ESO)

10.1.4.- Avaliacións parciais (1ª, 2ª e 3ª). PMAR (2º e 3º de ESO).

Nos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR), que poden desenvolverse en dous cursos (2º e 3º) ou só nun (3º), aplicaranse as condicións que se indican a continuación.


A nota de avaliación obterase do seguinte modo:

**a)** 80% da media das probas globais realizadas de cada unha das materias (matemáticas e física e química). Para facer media entre estas probas débese de obter un mínimo de 3 sobre 10. No cálculo desta media poderase utilizar unha ponderación segundo ás horas semanais de cada materia do ámbito.

**b)** 20% da nota acadada pola actitude de traballo e estudo. Isto comprobarase coa actitude na clase, a realización das tarefas e pola nota obtida en controis parciais nos que se reflicte o traballo continuo do alumnado, que non debe limitarse á preparación das probas globais. Esta nota tamén reflectirá o ritmo de traballo co que se avanza na programación das materias.

Unha avaliación estará superada cando se acade, polo menos, 5 puntos sobre 10, sumando os apartados a) e b) anteriores.

Debido as características destes grupos, se se observa algún alumno ou alumna que necesite atención especial faranse os reforzos apropiados para intentar que supere a materia, sempre que o ritmo do grupo o permita.



(Esquema xeral da avaliación parcial. PMAR)

(1) No cálculo desta media poderase utilizar unha ponderación segundo ás horas semanais de cada materia do ámbito.

#### 10.1.5.- Procedemento de recuperación de avaliacións suspensas (1º e 2ª avaliación).

Posteriormente á 1ª e á 2ª avaliación realizarase unha proba escrita de recuperación desas avaliacións, que será puntuada sobre 10, para aquel alumnado que non acadara unha cualificación igual ou superior a 5 na correspondente avaliación parcial. A cualificación da proba escrita de recuperación redondearase ás unidades, e non se terá en conta a actitude. No caso de que a cualificación na recuperación supere á da avaliación parcial a recuperar, substituirá a esta aos efectos do cálculo da cualificación da avaliación final ordinaria.

Nos PMAR, as recuperacións dos exames globais non superados faranse con proximidade aos mesmos para facilitar que o alumnado reforce os contidos sen telos esquecidos, e poderán facerse antes ou despois da sesión de avaliación segundo se estime oportuno. Se non recupera os exames correspondentes a unha avaliación, daráselle a oportunidade de recuperalos de novo, polo menos unha vez máis ao longo do curso. Non se repetirán os exames correspondentes a probas de control, xa que só teñen sentido como tales no momento en que se realizan. O alumno ou alumna recuperará a avaliación se supera os exames globais pendentes, e se mellora a súa actitude en canto ao seu estudio diario.

#### 10.1.6.- Procedemento de recuperación da materia pendente de cursos anteriores.

O alumnado que teña pendentes as matemáticas de 1º ESO, 2º ESO ou 3º ESO, dado o carácter progresivo da materia, será examinado polo seu profesor ou profesora do curso actual, asesorado, se fose conveniente, polo profesorado do curso anterior, ou tendo en conta, en calquera caso, os contidos conceptuais e procedimentais impartidos segundo conste na memoria final do(s) curso(s) anterior(es).

Realizarase un seguimento mediante 3 cualificacións, unha por cada avaliación parcial, sen recuperación.

En cada avaliación o profesor ou profesora proporá a cada alumno e alumna unhas actividades, establecendo unha data límite de entrega das mesmas. Ao mesmo tempo fixará unha data de exame baseado nas actividades propostas.

A cualificación dunha avaliación parcial na materia pendente será o resultado de redondear ás unidades a suma dos tres números seguintes:

- a) 50% da puntuación (sobre 10) obtida no exame.
- b) 30% da puntuación (sobre 10) obtida nas actividades propostas polo profesorado.
- c) 20% da puntuación (sobre 10) da actitude na clase do curso actual.

A nota final da materia suspensa será a media aritmética das tres notas parciais, redondeada ás unidades.

O alumnado que non supere a materia mediante as tres avaliacións parciais, é dicir, con media aritmética das avaliacións, redondeada ás unidades, igual ou inferior a 4, deberá presentarse a un exame final escrito no mes de maio de *toda* a materia, excepto no caso de que teña unha soa avaliación suspensa, entón repetirá unicamente esa avaliación, o que dará unha nova cualificación para recalcular a media. Se o exame é de toda a materia só se valorará a proba escrita, pero non os traballos previos realizados, se fose o caso, nin a actitude.

Para o alumnado que curse 2º ou 3º PMAR e teña pendentes as matemáticas de 1º ou 2º ESO o proceso de recuperación será responsabilidade do profesor ou profesora que imparta a materia de ámbito científico e matemático en 2º ou 3º PMAR. Se ese profesor ou profesora non é do departamento de matemáticas, será asesorado polo xefe do departamento de matemáticas en todo o que solicite. No caso de que pertenza ó departamento de matemáticas, o procedemento a seguir será similar ó empregado cos pendentes da ESO, pero poderá non realizarse a proba escrita se o traballo e a evolución do alumnado na materia do ámbito en cada trimestre é suficiente para recuperar a materia pendente.

Cando un profesor ou profesora do departamento de matemáticas imparta o ámbito científico e matemático en 3º PMAR e algún alumno ou alumna teña pendente o ámbito científico e matemático de 2º PMAR, tamén se encargará da recuperación do ámbito de 2º. Neste caso o proceso de recuperación será similar ó empregado cos pendentes da ESO, pero poderá non realizarse a proba escrita se o seu traballo e a evolución na materia do ámbito en cada trimestre é suficiente para recuperar a materia pendente.

Por último, cando un profesor ou profesora do departamento de matemáticas imparta o ámbito científico e matemático en 2º de ESO e teña que responsabilizarse da recuperación de materias pendentes asociadas a outros departamentos (bioloxía e xeoloxía, física e química, educación plástica, visual e audiovisual, etc...) unha vez máis o sistema será como o do parágrafo anterior e pedirá asesoramento á xefatura do departamento correspondente en todo aquilo que crea necesario.

#### 10.1.7.- Período que abrangue dende a sesión da 3ª avaliación ata a sesión da avaliación final ordinaria.

As clases deste período dedicaranse a repasar os contidos do curso, divididos segundo foran impartidos nas tres avaliacións, e á realización de probas escritas (exames finais) que permitan a recuperación ó alumnado que aínda non teña aprobada a materia.

Cada alumno e alumna que teña que recuperar algunha avaliación será informado por escrito polo seu profesor ou profesora da materia que ten que recuperar. Para elo utilizaranse os correspondentes modelos de informes previstos nos anexos desta programación.

O alumnado que teña algunha avaliación suspensa deberá presentarse ó exame final correspondentes a cada unha das desas avaliacións suspensas. O nivel de dificultade será similar ó do curso.


Cada exame final puntuarase sobre 10, e a nota da avaliación pasará a ser o nota do correspondente exame redondeada ás unidades, sempre que sexa superior á nota que o alumno/a xa tiña na avaliación ou recuperación desta (no caso da primeira ou segunda avaliación), en caso contrario, non se modificará.

O alumnado que xa teña aprobado non poderá presentarse a subir nota nos exames finais. Os días de exame realizará as tarefas, ben de repaso ou ben de ampliación, que lle propoña o profesorado.

#### 10.1.8- Procedemento de avaliación final ordinaria.

Se despois das tres avaliacións parciais, recuperacións e exame final, un alumno ou alumna ten superadas tódalas avaliacións parciais (cualificación igual ou superior a 5 en cada unha delas), ou ten superadas dúas e un 4 noutra, a cualificación final será a media aritmética simple das tres cualificacións parciais, redondeada ás unidades.

En caso contrario, a cualificación na avaliación final será sempre inferior a 5, concretamente, será a media das tres avaliacións parciais redondeada ás unidades, sempre que esta sexa inferior a 5, ou directamente 4 noutro caso. Para o cálculo da media, tomarase como cualificación de cada avaliación a máis alta das obtidas nesa avaliación parcial, na súa recuperación ou no exame final.



(Esquema xeral da avaliación final)

## 10.2.- Bacharelato

### 10.2.1.- Avaliacións parciais. (1ª, 2ª e 3ª).

Os contidos conceptuais e procedimentais serán valorados mediante observación directa na aula, probas específicas ou mediante apartados incluídos nas probas orais ou escritas que se fagan.

Os contidos actitudinais serán valorados mediante postas en común na aula, intercambio de opinións e na observación do comportamento diario do alumnado na aula: interese pola materia, esforzo por superarse, participación na clase, realización de exercicios propostos, etc.

A ponderación dos contidos na cualificación do alumnado en cada período de avaliación será:


1) Os contidos conceptuais e procedimentais aportarán o 90% do total da cualificación. Os conceptos terán un peso variable entre 0% e 20% do total, segundo o nivel do curso e o criterio do profesor ou profesora, tendo en conta que os conceptos xa son avaliados nos procedementos, ao estaren habitualmente incluídos nestes.

En cada avaliación faranse *dúas probas obxectivas escritas como mínimo* (na segunda das cales, e nas posteriores se se realizan, poderán incluírse os contidos esixidos nas anteriores). Nas probas escritas figurará a puntuación de cada pregunta, entendéndose, no caso contrario, que todas serán valoradas por igual. Unha proba estará superada, se non se indica o contrario, cando acade como mínimo o 50% da puntuación total da mesma.

A cualificación dunha avaliación nos contidos conceptuais e procedimentais será a media aritmética das cualificacións obtidas nas distintas probas feitas nese período de avaliación, ou ben coa ponderación que se indique previamente. Poderá esixirse unha cualificación mínima en cada proba para que a media das probas permita superar a avaliación, unha vez que o alumnado sexa informado sobre esta condición polo seu profesor ou profesora.

2) Os contidos actitudinais contribuirán co 10% restante. Esta contribución só se efectuará unha soa vez nas avaliacións parciais. Nas sucesivas probas que se realicen para superar materia pendente (recuperacións de avaliacións, exame final, exame final para alumnado pendente, etc.) non se terá en conta a actitude.

A cualificación de cada avaliación será o número enteiro que se obteña de redondear ás unidades a parte decimal da suma que resulte de aplicar a ponderación do 90% e do 10% ás cualificacións, sobre 10, obtidas nos contidos conceptuais-procedimentais e actitudinais, respectivamente; por exemplo, as notas medias reais dende 4'0... ata 4'4... redondéanse a 4 (nota de avaliación), e as notas reais dende 4'5... ata 4'9... redondéanse a 5 (nota de avaliación).



(Esquema xeral da cualificación nunha avaliación parcial)

### 10.2.2.- Bacharelato semipresencial.

A metodoloxía consistirá na asistencia do alumnado ás titorías lectivas e de orientación. Nas titorías lectivas o profesor indicará os obxectivos de cada tema, facilitará a comprensión dos contidos fundamentais e realizará actividades relacionadas cos contidos explicados. Nas titorías de orientación prestarase na medida do posible unha atención máis personalizada ao alumnado, resolvendo as dúbidas que se lles presenten durante o seu estudo.

As referencias en canto a contidos e criterios de avaliación serán, en cada materia, as correspondentes táboas de secuenciación e temporalización e as táboas de concreción dos estándares de aprendizaxe do bacharelato ordinario.

No procedemento de avaliación, a única diferenza neste tipo de ensinanza é que, dado o reducido horario semanal de titorías lectivas (1 hora) e de orientación (1/2 hora), farase, en principio, *unha soa proba* obxectiva escrita por cada período de avaliación, o que dará a cualificación desa avaliación.

### 10.2.3.- Recuperación de avaliacións suspensas (1º e 2ª avaliación).

Posteriormente á 1ª e á 2ª avaliación realizarase unha proba escrita de recuperación desas avaliacións, que será puntuada sobre 10, para aquel alumnado que non acadara unha cualificación igual ou superior a 5 na correspondente avaliación parcial. A cualificación da proba escrita de recuperación redondearase ás unidades, e non se terá en conta a actitude. No caso de que a cualificación na recuperación supere á da avaliación, a cualificación da recuperación substituirá á da avaliación parcial correspondente, aos efectos do cálculo da cualificación da avaliación ordinaria.



#### 10.2.4.- Recuperación das materias pendentes de 1º bacharelato.

Para facilitar a recuperación destes exames, este alumnado será atendido polo seu profesor ou profesora do curso actual. Os contidos esixibles serán os que consten como impartidos na memoria final do curso anterior.

O plan de traballo xenérico para o alumnado coa materia pendente de 1º de bacharelato, consistirá en indicarlle a materia correspondente e os exercicios fundamentais para superar os exames parciais que se propoñan. Terá que facer tres exames parciais, un por cada avaliación, sen recuperación. A nota de cada exame, redondeada ás unidades, será a nota da avaliación correspondente.

No caso de superar os tres exames parciais a nota final será a media aritmética das tres notas redondeada ás unidades.

O alumnado que non supere a materia mediante as tres avaliacións parciais, é dicir con media aritmética das avaliacións, redondeada ás unidades, igual a 4 ou inferior, deberá presentarse a un exame final escrito no mes de maio de *toda* a materia, excepto no caso de que teña unha soa avaliación suspensa, entón repetirá unicamente esa avaliación, o que dará unha nova cualificación para recalcular a media.

#### 10.2.5.- Avaliación final ordinaria.

O alumnado que manteña algunha das tres avaliacións suspensas (despois de ter feita as recuperacións da primeira e segunda avaliación) terá unha última oportunidade de recuperalas no exame final correspondente a cada unha delas. O nivel de dificultade será similar ó do curso.

Cada exame final puntuarase sobre 10, e a nota da avaliación pasará a ser o nota do correspondente exame, redondeada ás unidades, sempre que sexa superior á nota que o alumno/a xa tiña na avaliación ou recuperación desta (no caso da primeira ou segunda avaliación), noutro caso, non se modificará.


O profesorado poderá permitir que o alumnado que xa teña aprobado se presente a subir nota no exame final dunha única avaliación.

Se despois das tres avaliacións parciais, recuperacións e exame final, un alumno ou alumna ten superadas tódalas avaliacións parciais (cualificación igual ou superior a 5 en cada unha delas), ou ten superadas dúas e un 4 noutra, a cualificación final será a media aritmética simple das tres cualificacións parciais, redondeada ás unidades.

En caso contrario, a cualificación na avaliación final será sempre inferior a 5, concretamente, será a media das tres avaliacións parciais redondeada ás unidades, sempre que esta sexa inferior a 5, ou directamente 4

noutro caso. Para o cálculo da media, tomarase como cualificación de cada avaliación a máis alta das obtidas nesa avaliación, entre a avaliación parcial, a súa recuperación e o exame final.

Nas materias pendentes de cursos anteriores, a cualificación final obterase calculando a media aritmética simple, redondeada ás unidades, das cualificacións máis altas dos exames parciais e exame final de maio.



(Esquema xeral da avaliación final)

### 10.2.6.- Período que abrangue dende a sesión de avaliación final ordinaria ata a sesión da avaliación final extraordinaria.

No primeiro curso as clases deste período dedicaranse a repasar os contidos que se viron durante o curso e serviran para preparar o exame final extraordinario. Non se impartirán novos contidos e repasaranse aqueles conceptos e procedementos imprescindibles para superar a convocatoria extraordinaria.

No segundo curso as clases deste período servirán para a preparación da proba de ABAU e repaso do curso para a preparación do exame final extraordinario.

En calquera caso, o profesorado dará a coñecer ó alumnado unha planificación deste período na que consten as datas do exame final extraordinario e as clases dedicadas a súa preparación.

### 10.2.7.- Procedemento de avaliación final extraordinaria.

En cada un dos cursos de bacharelato o alumnado que non superara a materia na avaliación final ordinaria, realizará unha proba extraordinaria. Esta proba será escrita, de 1'75 horas de duración, realizándose tamén nese tempo o exame da materia pendente se fose o caso, e estará formada por preguntas de todos os contidos conceptuais e procedimentais tratados durante o curso. O peso dos contidos no conxunto da proba, será:

- a) Os conceptos terán un peso variable entre 0% e 20% do total da proba.

b) Os procedementos contribuirán co resto da porcentaxe ata o 100% da cualificación total da proba.

Na proba extraordinaria non se terá en conta a actitude durante o curso. O nivel de dificultade será similar ó do curso.

Esta proba será cualificada globalmente sobre os contidos de tódalas unidades didácticas impartidas.

### 10.3.- Criterios xerais de corrección das probas.

Tanto nas cuestións teóricas (conceptuais) como prácticas (procedimentais), esixirase o razoamento lóxico-dedutivo que se adapte ao nivel do curso.

